

CONTA XERAL 2014. MEMORIA DE CUSTES

PRIMEIRO: NORMATIVA DE APLICACIÓN

O artigo 211 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido la Lei Reguladora das Facendas Locais, e a regra 101.3 da Instrución de Modelo Normal de Contabilidade Local (I.C.), aprobada por Orden do Ministerio de Economía e Facenda de 23 de novembro de 2004, establecen a obriga dos municipios de máis de 50.000 habitantes de achegar á Conta Xeral:

- 1.- Unha memoria xustificativa do custe e rendemento dos servizos públicos.
- 2.- Unha memoria demostrativa do grao de cumprimento dos obxectivos programados, con indicación dos previstos e acadados, así como o seu custe.

Do mesmo xeito, a I.C. establece a obriga de presentación de indicadores de xestión para avaliar a economía, eficiencia e eficacia na prestación dos servizos.

SEGUNDO: CONSIDERACIÓNS PREVIAS QUE SE TIVERON EN CONTA NA ELABORACIÓN DO DOCUMENTO

Como se veu referindo por Intervención en memorias de exercicios anteriores, a contabilidade municipal, pese a incorporar a partires do exercicio 2011 a clasificación orgánica de gasto, a cal se suma á clasificación por programas e económica, sen embargo non define obxectivos medibles en relación con programas de gasto nin están establecidos indicadores para a súa medición; polo tanto, non é posible a elaboración da memoria sinalada no apartado segundo sinalado anteriormente.

En relación a memoria xustificativa do custe e rendemento dos servizos públicos, seguíuse para o seu cálculo os criterios establecidos na **Orde HAP/2075/2014, de 6 de novembro, pola que se establecen os criterios de cálculo do custe efectivo dos servizos prestados polas entidades Locais** e estableceóronse como indicadores de xestión ou unidades físicas de referencia, o establecido na **Resolución de 23 de xuño de 2015 da Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local, pola que se especifican os elementos incluídos na propia Orde HAP/2075/2014.**

Os custes referidos toman como base de cálculo as obrigas recoñecidas e liquidadas imputadas ao servizo de contabilidade orzamentaria do exercicio 2014.

De conformidade co establecido na Orde HAP/2075/2014 sinalada, relaciónanse tanto os servizos de prestación obrigatoria para os municipios como os servizos correspondentes a competencias propias dos concellos, se ben non se inclúen algúns dos servizos referenciados na citada Orde xa que non teñen cabida en programas de gasto do Concello de Santiago. Ademais dos servizos mencionados con anterioridade, tamén se inclúe o custe efectivo dalgúns programas de gasto que non teñen correspondencia coa Orde pero que si teñen cabida na liquidación da Conta Xeral de 2014. Máis concretamente os servizos sinalados serían: Outros servizos complementarios de Educación (comedor escolar,...) e promoción educativa, Mocidade, Fomento do Emprego, Normalización Lingüística, Festas e Festexos, Desenvolvemento Empresarial e Protección dos Consumidos e Usuarios (OMIC).

En total a relación de servizos que se relacionan e cuantifican son 40 e a forma de prestación do servizo por parte do Concello podería ser de:

- Xestión directa pola entidade local, que sería a máis habitual.
- Xestión directa por organismo autónomo da entidade local. Vinculada a esta forma de prestación está o servizo co nº de orde 31 "Equipamentos culturais" en relación ao Auditorio de Galicia.
- Xestión directa por sociedade mercantil local. Vinculada a esta forma de prestación está o servizo co nº de orde 22 "Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local" que ven sendo prestada no Concello pola sociedade anónima

municipal INCOLSA. Tamén vinculada a esta forma de prestación do servizo está o servizo co nº de orden 14 “Transporte colectivo urbano de viaxeiros” que si ven é un servizo prestado a través de xestión indirecta mediante concesión, a sociedade anónima municipal TUSSA tamén incorpora unha pequena parte da súa conta de explotación formando parte do custe deste servizo, xa que é o órgano municipal encargado de xestionar e inspeccionar a xestión correcta deste servizo no Concello de Santiago.

- Xestión indirecta mediante concesión, xestionando o concesionario o servizo ao seu risco e ventura ou xestión indirecta mediante xestión interesada.

Para o cálculo dos custes sinalados como custe dos distintos servizos municipais seguíronse dun xeito resumido os seguintes criterios:

CUSTES DIRECTOS:


- Para os custes de servizos prestados a través de xestión directa pola entidade local ou, no caso do Auditorio de Galicia, por un organismo autónomo da entidade local, o seu custe procede da agregación de,
 - os **gastos de persoal** (artigos 10, 11, 12, 13, 14, 15, 16 da clasificación económica do gasto, aprobada pola Orden EHA/3565/2008),
 - os **gastos correntes en bens e servizos** (artigos 20, 21, 22, 23, 24, 25 e 26 da clasificación económica do gasto, aprobada pola Orden EHA/3565/2008),
 - os **gastos derivados da amortización** do investimento realizado no exercicio (gastos incluídos nos artigos 60 e 62 para investimentos novos e 61 e 63 para investimentos de reposición da clasificación económica do gasto aprobada pola Orden EHA/3565/2008) e nos exercicios anteriores. En relación a imputación dos gastos de amortización, existe unha limitación moi importante para a imputación deste tipo de gasto aos diferentes servizos vinculado a inexistencia na contabilidade municipal dun inventario de bens patrimoniais ou contabilidade de custes interna que permita a correcta valoración dos distintos investimentos de titularidade municipal e, polo tanto, a súa correcta imputación aos distintos servizos. Esta limitación xa conta na Conta xeral do exercicio 2013 e afecta a elaboración e mantemento do inventario do Concello e, por ende, a contabilidade patrimonial. É por iso, que a imputación de datos de amortización aos diferentes servizos provén da imputación dos gastos recollidos nos artigos de investimento antes referenciados correspondentes á liquidación dos orzamentos 2014 e 2013 (primeiro ano de realización desta memoria de custes).

Estas amortizacións imputáronse como custe segundo o nº de anos estimados de vida útil, tendo en conta que as infraestruturas e bens de patrimonio da entidade local que se consideren teñen unha vida útil ilimitada non se lles aplicou o criterio de amortización sinalado.

Neste sentido o método de cálculo empregado para imputar as amortizacións foi lineal durante a vida útil dos bens segundo a seguinte hipótese de anos de vida útil:

Tipoloxía do investimento	Anos de vida útil
Edificios e Construcións	50
Investimentos en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral con posibilidade de estimación da súa vida útil	50
Investimentos de reposición de firmes en viais e rúas	25
Investimentos en instalacións eléctricas	20
Elementos de transporte	10
Mobiliario	10
Maquinaria, instalacións e utillaxe	10
Equipos procesos de información	4
Sistemas e programas informáticos	5
Outros investimentos inmateriais	5
Outros inmovilizado material	5

o **gasto, netado de intereses, recollido no concepto 648 derivado de operacións de arrendamento financeiros**, con base na Orde EHA/3565/2008,
os **gastos de transferencias correntes e de capital** (artigos 48 e 78 da clasificación económica do gasto, aprobada pola Orden EHA/3565/2008), sempre que estean directamente relacionados coa prestación dos servizos cuxo custe é obxecto de cálculo, calquera outro **gasto non financeiro** que teña relación coa prestación do servizo.



- Para os custes de servizos prestados a través de xestión directa por sociedade mercantil local o seu custe procede da aplicación do Plan Xeral de Contabilidade de empresa, tendo en conta os gastos de explotación incluídos na Conta de Perdas e Ganancias recollidos nas partidas 4 “Aprovisionamentos”, 6 “Gastos de Persoal”, 7 “Outros gastos de explotación”, e 8 “Amortización do Inmobiliado”, así como calquera outro gasto non financiado con anterioridade que teña relación coa prestación do servizo.
- Para os custes de servizos prestados a través de xestión indirecta, o custe efectivo calcúlase pola totalidade das contraprestacións económicas que o Concello aboou á entidade concesionaria, incluídas as contraprestacións en concepto de prezo do contrato, así como, no seu caso, as subvencións de explotación ou de cobertura do prezo do servizo.
- Para os custes de servizos prestados a través de xestión indirecta, mediante concesión, na que a retribución do contratista percíbese directamente por este dos usuarios, o custe efectivo calcúlase pola totalidade dos ingresos derivados das tarifas que os usuarios abonan, así como, no seu caso, polas subvencións de cobertura do prezo do servizo que puideran corresponder ao Concello ao que lle corresponde a titularidade do servizo.

CUSTES INDIRECTOS:

A imputación de custes indirectos aos distintos servizos relacionados realízase, seguindo o criterio fixado pola Orde citada, repartindo os gastos recollidos nos grupos de programas relativos á Administración Xeral das políticas de gasto (920) proporcionalmente ao volume de gasto (importe dos custes directos). Concretamente repártense entre tódolos servizos relacionados os gastos recollidos de Administración Xeral e Informática.

INDICADORES DE XESTIÓN OU UNIDADES FÍSICAS DE REFERENCIA PARA CADA SERVIZO:

Os indicadores de xestión ou unidades físicas de referencia sinalados para cada servizo proveñen do criterio fixado pola **Resolución de 23 de xuño de 2015 da Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local, pola que se especifican os elementos incluídos na propia Orde HAP/2075/2014.**

Nalguns servizos inclúense os datos de elaboración da memoria do exercicio 2013, xa que a data de elaboración desta memoria de custes non foron remitidos polos departamentos xestores dos servizos sinalados os datos do exercicio 2014.

TERCEIRO: RELACIÓN DE SERVIZOS MUNICIPAIS CO CÁLCULO DO SEU CUSTE E ÍNDICES OU UNIDADES FÍSICAS DE REFERENCIA

ANEXO I - SERVIZOS DE PRESTACIÓN OBRIGATORIA PARA OS MUNICIPIOS

Nº	Descrición do servizo municipal	Custe do servizo			Indicadores ou Unidades físicas de referencia		Forma de prestación do servizo
		Total Custes directos	% reperc	Total Custes indirectos xerais	Importe do custe municipal do servizo	Descrición	
1	Alumeado Público	3.017.523,04	4,03%	322.868,46	3.340.391,50	Potencia instalada Nº puntos de luz	Xestión directa pola entidade local
2	Cemiterio	141.327,96	0,19%	15.121,79	156.449,75	Superficie total do cemiterio: m ²	Xestión directa pola entidade local
3	Recollida de Residuos	4.083.673,22	5,45%	436.944,23	4.520.617,45	Produción anual de residuos urbanos: toneladas Nº contenedores Periodicidade: (D, AL, SE, QU, OT, NO) Quilómetros lineais do traxecto de recollida	Xestión directa pola entidade local
4	Medio ambiente urbano: Xestión dos Residuos sólidos urbanos	2.983.704,00	3,98%	319.249,90	3.302.953,90	Produción anual de residuos urbanos: toneladas	Xestión directa pola entidade local
5	Limpeza viaria	4.755.978,61	6,35%	508.879,46	5.264.858,07	Nº persoas en plantilla adscritas ao servizo Superficie en metros cadrados con servizo de limpeza	Xestión directa pola entidade local
6	Abastecemento domiciliario de auga potable	4.740.660,16	6,33%	507.240,42	5.247.900,58	Lonxitude da rede: metros lineais Nº vivendas conectadas e non conectadas Nº vivendas non conectadas	Xestión indirecta mediante concesión

ANEXO I - SERVIZOS DE PRESTACIÓN OBRIGATORIA PARA OS MUNICIPIOS

Nº	Descrición do servizo municipal	Custe do servizo				Indicadores ou Unidades físicas de referencia		Forma de prestación do servizo
		Total Custes directos	% reperc	Total Custes indirectos xerais	Importe do custe municipal do servizo	Descrición	Dato/s	
7	Alcantarillado	1.236.138,27	1,65%	132.264,13	1.368.402,40	Lonxitude da rede: metros lineais	630.440	Xestión indirecta mediante concesión
						Nº vivendas con servizo	56.177	
8	Pavimentación das vías públicas	754.154,82	1,01%	80.692,94	834.847,76	Superficie dos tramos pavimentados (metros cadrados)	2.680,5	Xestión directa pola entidade local
9	Medio ambiente urbano: parques e xardíns públicos	4.264.517,18	5,69%	456.294,15	4.720.811,33	Superficie: suma en Km cadrados de parques e xardíns públicos (tanto a cuberto como ao aire)	2,32	Xestión directa pola entidade local
10	Protección civil	37.765,82	0,05%	4.040,86	41.806,68	Nº persoas en plantilla do servizo de protección civil	0	Xestión directa pola entidade local
						Superficie (metros cadrados) das instalacións do centro de protección civil ou centro de salvamento e socorrismo.	280	
11	Avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social	3.713.757,49	4,96%	397.364,05	4.111.121,54	Nº persoas en plantilla adscritas ao servizo	30	Xestión directa pola entidade local
						Superficie en metros cadrados de: Centros de Asistencia Social	184.819	
						Nº Residencias de Anciás	5	
						Nº Garderías Infantís (non os parvularios nin docentes preescolares)	9	
						Nº Centros asistencia social	2	
Nº Centros de rehabilitación de toxicómanos en réxime aberto ou con estancia	1							
Nº outros centros de atención social	5							

ANEXO I - SERVIZOS DE PRESTACIÓN OBRIGATORIA PARA OS MUNICIPIOS

Nº	Descrición do servizo municipal	Custe do servizo			Indicadores ou Unidades físicas de referencia		Forma de prestación do servizo	
		Total Custes directos	% reperc	Total Custes indirectos xerais	Importe do custe municipal do servizo	Descrición		Data/s
12	Prevenção e extinción de incendios	2.521.160,43	3,37%	269.758,73	2.790.919,16	Nº persoas en plantilla do servizo de parque de bombeiros. Vehículos destinados á extinción de incendios	58 6	Xestión directa pola entidade local
13	Instalacións deportivas de uso público	1.683.036,99	2,25%	180.081,33	1.863.118,32	Superficie: suma de superficies de todas as instalacións Nº persoas en plantilla adscritas ao servizo	1.731.631 12	Xestión directa pola entidade local
14	Transporte colectivo urbano de viaxeiros	7.003.784,54	9,35%	749.389,85	7.753.174,39	Nº total de kms de calzada da rede en traxecto de ida Nº total de viaxeiros ao ano Nº total de autobuses	241,8 7.302.121 52	Xestión indirecta mediante xestión interesada e outras, e xestión directa a través de sociedade mercantil local
15	Medio ambiente urbano	208.142,43	0,28%	22.270,79	230.413,22	Nº persoas en plantilla adscritas ao servizo Superficie en quilómetros cadrados do núcleo urbano	3 220,7	Xestión directa pola entidade local

ANEXO II - SERVIZOS CORRESPONDENTES A COMPETENCIAS PROPIAS DOS MUNICIPIOS

Nº	Descrición do servizo municipal	Custe do servizo			Indicadores ou Unidades físicas de referencia		Forma de prestación do servizo	
		Total Custes directos	% reperc	Total Custes indirectos xerais	Importe do custe municipal do servizo	Descrición		Data/s
16	Urbanismo: planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística.	2.595.093,14	3,46%	277.669,37	2.872.762,51	Superficie urbanizada (quilómetros cadrados) Superficie urbanizable (quilómetros cadrados)	24,65 6,81	Xestión directa pola entidade local

ANEXO II - SERVIZOS CORRESPONDENTES A COMPETENCIAS PROPIAS DOS MUNICIPIOS

Nº	Descrición do servizo municipal	Custe do servizo			Indicadores ou Unidades físicas de referencia		Forma de prestación do servizo
		Total Custes directos	% reperc	Total Custes indirectos xerais	Importe do custe municipal do servizo	Descrición	
17	Protección e xestión do Patrimonio histórico.	497.059,95	0,66%	53.184,34	550.244,29	Nº persoas en plantilla adscritas ao servizo	12
						Nº bens culturais protexidos	2.657
18	Evacuación e tratamento de augas residuais.	2.323.860,22	3,10%	248.648,03	2.572.508,25	Lonxitude do tramo: metros lineais.	623.680
						Nº vivendas con servizo	56.177
						Caudal en metros cúbicos de desagüe	15.405.212
19	Infraestrutura viaria e outros equipamentos de titularidade da entidade local	477.816,29	0,64%	51.125,31	528.941,60	Nº persoas en plantilla adscritas ao servizo	15
20	Policia Local	6.800.524,24	9,08%	727.641,43	7.528.165,67	Nº efectivos asignados ao servizo	144
21	Tráfico, estacionamento de vehículos e mobilidade.	1.198.755,62	1,60%	128.264,27	1.327.019,89	Nº vehículos adscritos ao servizo	29
						Nº efectivos asignados ao servizo	10
22	Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.	2.521.091,41	3,37%	269.751,35	2.790.842,76	Nº vehículos adscritos ao servizo	3
						Nº persoas en plantilla adscritas ao servizo	23
23	Comercio - Feiras - Comercio ambulante	336.008,33	0,45%	35.952,17	371.960,50	Nº feiras anuais	54
						Estimación anual persoas asistentes	66.000
						Nº licencias ou permisos concedidas	257
24	Abastos	437.862,21	0,58%	46.850,31	484.712,52	Nº postos	376
						Superficie total en metros cadrados	4.354
25	Mercalgalicia - comercio maiorista	634.041,93	0,85%	67.841,12	701.883,05	Nº postos	63
						Superficie total en metros cadrados	63.000
26	Mercado de Gando	655.193,53	0,87%	70.104,30	725.297,83	Nº postos	
						Superficie total en metros cadrados	155.597
27	Protección da salubridade pública.	412.103,54	0,55%	44.094,19	456.197,73	Nº efectivos asignados ao servizo	2
						Nº campañas anuais	6

ANEXO II - SERVICIOS CORRESPONDENTES A COMPETENCIAS PROPIAS DOS MUNICIPIOS

Nº	Descrición do servizo municipal	Custe do servizo			Importe do custe municipal do servizo	Indicadores ou Unidades físicas de referencia		Forma de prestación do servizo
		Total Custes directos	% reperc	Total Custes indirectos xerais		Descrición	Data/s	
28	Actividades Funerarias	572.542,13	0,76%	61.260,77	633.802,90	Nº efectivos en plantilla asignados ao servizo	11	Xestión indirecta mediante concesión
						Nº vehículos adscritos ao servizo		
29	Promoción do deporte	622.917,35	0,83%	66.650,81	689.568,16	Nº efectivos en plantilla asignados ao servizo	2	Xestión directa pola entidade local
						Nº campañas realizadas ao ano	30	
30	Instalacións de ocupación do tempo libre	3.095.635,64	4,13%	331.226,34	3.426.861,98	Superficie: suma de superficies en metros cadrados de todas as instalacións de tempo libre	26.244	Xestión directa pola entidade local
						Nº persoas en plantilla adscritas ao servizo	23	
31	Promoción da cultura	1.549.766,15	2,07%	165.821,64	1.715.587,79	Nº efectivos en plantilla asignados ao servizo	1 Concello 33 Banda de Música	Xestión directa pola entidade local
						Nº campañas realizadas ao ano	21 ciclos culturais 94 actuacións da Banda	
32	Equipamentos culturais	2.674.567,75	3,57%	286.172,98	2.960.740,73	Superficie: suma de superficies en metros cadrados de todas as instalacións culturais	7.647	Xestión directa por organismo autónomo
						Nº efectivos en plantilla asignados ao servizo	19 Auditorio	
33	Educación:conservación, mantemento e vixia dos centros de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, primaria e educación especial	2.726.894,62	3,64%	291.771,85	3.018.666,47	Nº aulas	338	Xestión directa pola entidade local
						Superficie en metros cadrados dos edificios	100.070	



**CONCELLO DE
SANTIAGO**



ANEXO III - OUTROS SERVIZOS PRESTADOS POLO CONCELLO DE SANTIAGO NON INCLUIDOS NA ORDE HAP/2075/2014

Nº	Descrición do servizo municipal	Custe do servizo				Indicadores ou Unidades físicas de referencia			Forma de prestación do servizo
		Total Custes directos	% reperc	Total Custes indirectos xerais	Importe do custe municipal do servizo	Descrición	Dato/s		
34	Educación: outros servizos complementarios (comedor escolar). Promoción educativa	381.383,69	0,51%	40.807,23	422.190,92	Nº efectivos en plantilla asignados ao servizo	3	Xestión directa pola entidade local	
35	Mocidade	113.077,04	0,15%	12.099,00	125.176,04	Nº efectivos en plantilla asignados ao servizo	1	Xestión directa pola entidade local	
36	Fomento do emprego	1.085.213,21	1,45%	116.115,47	1.201.328,68	Nº efectivos en plantilla asignados ao servizo	7	Xestión directa pola entidade local	
37	Normalización Lingüística	105.293,38	0,14%	11.266,16	116.559,54	Nº efectivos en plantilla asignados ao servizo	1	Xestión directa pola entidade local	
38	Festas e Festexos	1.252.467,01	1,67%	134.011,27	1.386.478,28	Nº efectivos en plantilla asignados ao servizo	2	Xestión directa pola entidade local	
39	Desenvolvemento empresarial	605.072,29	0,81%	64.741,43	669.813,72	Nº efectivos en plantilla asignados ao servizo	6	Xestión directa pola entidade local	
40	Protección de consumidores e usuarios	84.025,50	0,11%	8.990,55	93.016,05	Nº efectivos en plantilla asignados ao servizo	2	Xestión directa pola entidade local	

Santiago de Compostela, 31 de xullo de 2014

A INTERVENTORA XERAL



Asdo.: Inmaculada Viña Carregal